



ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL, DUN/DUNHA PROFESOR/A DO CONSERVATORIO E/OU NA ESCOLA DE MÚSICA DE TUI NA ESPECIALIDADE DE COMPOSICION, PIANO E OUTRAS MATERIAS

Mediante Resolución do Concelleiro delegado de seguridade, persoal, mercados, emprego e formación de data 21/08/2017 se aprobou a convocatoria e bases de selección cuxo contido literal é o seguinte:

" CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL, DUN/DUNHA PROFESOR/A DO CONSERVATORIO E/OU NA ESCOLA DE MÚSICA DE TUI NA ESPECIALIDADE DE COMPOSICIÓN, PIANO E OUTRAS MATERIAS.

1 OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é proceder á selección de persoal para a súa contratación laboral, temporal e a tempo parcial, ao abeiro da normativa reguladora dos contratos de traballo de duración determinada, *-servizo determinado (curso escolar 2017-2018)-*, para impartir clases no Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui da materia e instrumento que a continuación se menciona: **un/unha Profesor/a de Composición, piano e outras materias** (30 horas semanais a impartir 6 horas cada día de luns a venres). O contrato terá como data de finalización o 31.07.2018.

2 CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

A persoa contratada deberá prestar os seus servizos a tempo parcial, en horario a determinar pola concellería de Persoal, segundo as necesidades do servizo, cunha xornada de 30 horas semanais, podendo comprender xornada de mañá e/ou tarde.

As funcións a desenvolver pola persoa seleccionada serán a impartición das materias de composición, piano e outras que considere o Equipo Directivo do Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui, relacionadas co posto.

As retribucións serán de 1.222,61 € brutos/mensuais, incluíndo salario e prorrateo de pagas extraordinarias.

3 REQUIRIMENTOS DOS ASPIRANTES

1 Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.-Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

3.-Ser maior de dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4.-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade co disposto no artigo 56.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

5.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

6.- Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual. (As persoas que resulten seleccionadas, deberán aportar, previa á contratación, unha certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, ou autorizar expresamente ó Concello para a súa solicitude).

7.- Estar en posesión do **Título superior ou medio de Composición (plan de estudos Decreto 2618/1966), ou Título superior de Composición LOXSE ou LOE**, e ademáis, estar en posesión do **Título superior ou medio de Piano (plan de estudos Decreto 2618/1966), ou polo menos Título medio de Piano LOXSE ou LOE**.

8.- Ter ingresado na conta da Tesourería do Concello de Tui, durante o prazo de presentación de instancias, o importe en concepto de dereitos de exame segundo o disposto na ordenanza reguladora correspondente. Importe 15,34€. Para o pago das taxas deben solicitar o documento de ingreso no departamento de tesourería do Concello, enviando correo electrónico a amalia.tesoureria@concellotui.org ou ana.tesoureria@concellotui.org, indicando no mesmo correo os seguintes datos: nome e apelidos, dni, enderezo completo con código postal, nome do proceso selectivo e teléfono de contacto; tendo en conta que deben facelo coa antelación suficiente para recibir o dito documento, e poder realizar o pago no prazo de presentación de instancias.

4 PROCESO DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición.

FASE DE OPOSICIÓN: (puntuación máxima nesta fase 6 puntos).

a) Primeiro exercicio: Obrigatorio e eliminatorio de carácter práctico.

Consistirá na elaboración dun exercicio práctico de composición proposto polo tribunal, valorándose a técnica, claridade, orixinalidade, estilo e coñecementos amosados na mesma. O tempo de exame será imposto a comezo desta proba polo tribunal de acordo coa dificultade e duración do mesmo. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo de carácter eliminatorio, xa que os aspirantes deben obter, polo menos, unha cualificación de 5 puntos.

b) Segundo exercicio: Obrigatorio e eliminatorio de carácter teórico-práctico.

Consistirá en desenrolar de forma escrita o suposto plantexado polo tribunal, que estará baseado no contido do programa establecido no anexo I da convocatoria, durante un período de tempo que será determinado polo tribunal antes do inicio deste exercicio. Se o tribunal o esixe, este exercicio terá que ser lido polo aspirante. Neste caso, o tribunal reservase o dereito de facer preguntas sobre o mesmo. Este exercicio cualificarase de 0 a 5 puntos, sendo necesario para superalo un mínimo de 2,5 puntos.

c) Terceiro exercicio: Obrigatorio e non eliminatorio.

Rematado o exercicio teórico e nesta mesma sesión, realizarase unha proba de coñecemento de lingua galega que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo e que puntuarase de 0 a 2, sendo este exercicio de carácter obrigatorio pero non eliminatorio.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán os 2 puntos.

FASE DE CONCURSO: (puntuación máxima de 4 puntos).

En primeiro lugar o tribunal procederá a avaliar os méritos conforme o seguinte baremo:

1) Experiencia docente: 0,10 puntos por mes completo coma profesor de piano ata un máximo de 1,50 puntos. Tan só puntuará as clases realizadas en Conservatorios Profesionais, sendo necesario acreditar tal circunstancia cunha copia do correspondente contrato e vida laboral. As fraccións inferiores ao mes non se computarán.

2) Títulos oficiais superiores relacionados coa materia do contrato, 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto.

3) Coñecemento de galego: Coñecemento de lingua galega, ata un máximo de 0,50 puntos, de conformidade co seguinte baremo:

-Certificado de CELGA 1 0,10 puntos.

-Certificado de CELGA 2 0,20 puntos.

-Certificado de CELGA 3 ou iniciación 0,30 puntos.

-Certificado de CELGA 4 ou perfeccionamento0,40 puntos.

-Certificado de CELGA 5 ou cursos de especialización de galego 0,50 puntos.

Unicamente valorarase o curso de maior puntuación acreditado.

4) Cursos relacionados coas materias do contrato (só puntuarán os cursos de mais de 19 horas acreditadas), ata un máximo de 1 punto.

-Cursos de 20 a 50 horas, 0,10 puntos por curso.

-Cursos de 51 a 100 horas, 0,20 puntos por curso.

-Cursos de 101 a 200 horas, 0,40 puntos por curso.

-Cursos de mais de 201 horas, 0,50 puntos por curso.

Con carácter xeral especificase que só se valorarán os cursos e méritos relacionados con instrumentos ou materias que sexan as propias ás que se aspira a dar clases impartidos polas Administracións Públicas, Sindicatos, Universidades, Conservatorios, Servizo Público de Emprego ou Colexio Profesional e relacionados coas funcións a desenvolver, a xuízo do Tribunal. Non serán valorables as xornadas, seminarios, encontros, conferencias, premios, concursos e demais actos que non teñan un carácter especificamente docente. Os cursos nos que non apareza recollido o número de horas, non serán valorados.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

5 PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez aprobadas as presentes bases, a convocatoria publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica (concellotui.sedelectronica.gal) do Concello, na páxina web do Concello, e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentar os interesados as súas solicitudes durante **7 días hábiles**, dende o día seguinte ao da publicación do anuncio, no Boletín oficial da provincia de Pontevedra. As solicitudes para a participación no presente proceso selectivo presentaranse no modelo ANEXO 2 de instancia de presentación, e que deberá estar asinada en bolígrafo de cor azul, no Rexistro Xeral do Concello de Tui en horario de 9 a 14, horas os días hábiles. Poderanse tamén presentar de conformidade co disposto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e de presentarse noutros rexistros, deberá enviarse copia da solicitude na que aparece o rexistro de entrada do organismo no que foi presentada, por fax ao número 986 60 41 48, o mesmo día da súa presentación.

Nas instancias solicitarase presentarse ao proceso selectivo do posto de traballo correspondente, facéndose constar que se reúnen, con referencia á data na que expire o prazo de presentación de solicitudes, os requisitos esixidos nas presentes bases. Xunto á instancia achegaranse os seguintes documentos:

*Copia cotexada do DNI.

*Copia cotexada da titulación esixida.

*Copia do xustificante de ter aboado os dereitos de exame.

*Copia cotexada do certificado oficial acreditativo do nivel Celga 4 de coñecemento da lingua galega, aos efectos de quedar exento da realización da proba de galego.

*Declaración (ANEXO 3), asinada en bolígrafo de cor azul, de posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, e declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade co disposto no artigo 56.1 do RDL 5/2015, do 15 de outubro. Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

Coa solicitude, deberá aportarse a documentación acreditativa dos méritos alegados, debidamente compulsados, puntuando tan so os que mais abaixo se indican.

6 PUBLICIDADE DA LISTAXE DE ADMITIDOS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Concelleiro delegado, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.concellotui.org, e no taboleiro físico do Concello relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **tres días hábiles** para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicarase na mesma forma. Nesta resolución incluírase, o lugar, a



EXCMO. CONCELLO DE TUI

data e a hora de realización dos exercicios. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica (concellotui.sedelectronica.gal) do Concello de Tui.

7 MEMBROS DO TRIBUNAL

O Tribunal Cualificador estará formado por un presidente, un secretario e tres vogais. En ningún caso os membros do tribunal cualificador poderán ser funcionarios interinos, persoal eventual ou persoal de elección ou designación política. Cada membro do tribunal terá o seu suplente. Os titulares e suplentes serán nomeados polo Concelleiro competente na materia cando se dite a resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos ao proceso selectivo.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose ditos asesores unicamente a prestala súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

A actuación do Tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

Os membros dos Tribunais que actúen nestas probas selectivas terán dereito a percibir as indemnizacións correspondentes, conforme ó establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e lexislación complementaria.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, podendo as súas resolucións ser recorridas en alzada ante o concelleiro de goberno competente en materia de persoal, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8 CUALIFICACIÓN FINAL.

Logo da valoración dos méritos alegados e das probas realizadas polas persoas aspirantes, o Tribunal publicará a listaxe provisional das puntuacións acadadas. Dita listaxe será exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.concellotui.org), e no taboleiro físico do Concello.

As persoas relacionadas na listaxe anterior, disporán de **tres días hábiles** para presentar alegacións ás valoracións da listaxe provisional, nas mesmas condicións que indican estas bases no seu punto 5 para a entrega



EXCMO. CONCELLO DE TUI

da documentación das solicitudes. Esta listaxe, será definitiva, de non presentarse alegacións á mesma no prazo indicado.

Estas alegacións serán aceptadas ou rexeitadas polo Tribunal, na listaxe definitiva que se publicará na mesma forma indicada, e que se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.concellotui.org), e no taboleiro físico do Concello

En caso de empate nas puntuacións, a orde establecerase atendendo aos seguintes criterios:

- *-primeiro: a maior puntuación obtida na fase de oposición
- *-segundo: a maior puntuación obtida na valoración dos méritos da fase de concurso
- *-terceiro: de persistir o empate, resolverase por sorteo

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningunha persoa aspirante a proba ou por non presentarse ninguén á mesma, o alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

9 CONTRATACIÓN DA PERSOA SELECCIONADA

No prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da Resolución do alcalde para a contratación da persoa proposta polo Tribunal, a persoa relacionada deberá presentar a documentación acreditativa dos requisitos sinalados nestas bases para acceder ó posto de traballo.

A persoa proposta, deberá realizar, antes do comezo da relación laboral, o preceptivo curso de prevención de riscos laborais e entregar un certificado médico que acredite a súa condición de apto/a para o desenvolvemento das funcións do posto, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran.

No caso de que a persoa seleccionada no reunise os requisitos necesarios para a contratación, poderá ser substituída polas seguintes da relación do proceso selectivo por orden de puntuación de maior a menor.

10 LISTAXE DE RESERVA E VIXENCIA

A listaxe coa totalidade dos aspirantes que superaron o proceso selectivo e puntuación acadada, poderá ser utilizada como listaxe de reserva. Que poderá utilizarse cubrir a praza en situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera circunstancia.

A lista de reserva que se crea con este proceso para cubrir a praza de composición e piano no Conservatorio Profesional/Escola de Música de Tui será confeccionada por orde de maior a menor puntuación, será sometida á aprobación do Sr. Concelleiro competente na materia. A resolución do Concelleiro e as listas de reserva serán expostas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.concellotui.org), e no taboleiro físico do Concello para coñecemento dos interesados e demais efectos legais.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases reguladoras (tanto as resolucións do Concelleiro responsable na materia, como os anuncios do tribunal cualificador), se procederá mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicaranse na páxina Web do Concello de Tui (www.concellotui.org).

En todo caso, os prazos referidos nos diferentes apartados das presentes bases reguladoras, computaranse desde o momento da publicación da resolución ou anuncio correspondente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.concellotui.org), e no taboleiro físico do Concello, sen prexuízo da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A lista de espera elaborada terá unha duración ata a data de finalización do contrato ou de menos no caso de que houberse un novo proceso selectivo para a cobertura desta praza, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia.

11 FUNCIONAMENTO DA LISTAXE DE RESERVA:

Cando sexa necesario utilizar a listaxe de reserva e proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, enviándolle un burofax e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado, así mesmo tentarase comunicar por teléfono coa finalidade de acurtar os prazos. Se non recollese o burofax equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

12 RENUNCIAS:

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas:

- Primeira renuncia: Seis meses de exclusión.
- Segunda renuncia: Pase o final da listaxe de reserva.
- Terceira renuncia: Exclusión definitiva da lista.

13 EXCLUSIÓNS DEFINITIVAS:

Procederase a exclusión definitiva da lista de reserva a aquelas persoas que:

- Unha vez que sexan contratadas renuncien ou extingan voluntariamente o seu contrato por calquera causa.
- Renuncien por terceira vez o chamamento para a súa contratación.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

14 PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA ACCEDER O POSTO UTILIZANDO A LISTAXE DE RESERVA.

Cando se tramite o expediente de chamamento do aspirante, no prazo dos 3 días hábiles seguintes a aquel en que se lle requira, presentará no Rexistro Xeral do Concello de Tui os documentos que se especifican seguidamente:

- A) Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título esixido no artigo 3º, ou do xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
- B) Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- C) Fotocopia da cartilla da S.S.
- D) Nº de conta bancaria co número IBAN completo.
- E) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.

ANEXO I: TEMARIO

Tema 1. A acústica e as súas relacións coa harmonía. Xeneralidades: movementos vibratorios; calidades do son. O fenómeno físico-harmónico. Escalas: sistemas de afinación, as súas consecuencias e as súas limitacións. Intervalos. Consonancia e disonancia. Influencia dos harmónicos na composición.

Tema 2. O ton. Xeneralidades desde os puntos de vista histórico-cultural e psicolóxico.

Tema 3. Modos gregos e eclesiásticos. A teoría musical grega e o sistema modal medieval. Puntos de contacto e discrepancia entre ambos. Formación e clasificación das escalas nos modos eclesiásticos; características dos mesmos. Harmonización modal: o canto gregoriano e a música baseada no antigo sistema modal.

Tema 4. Evolución da metodoloxía do ensino da composición polifónica: Os tratadistas de «canto de órgano», e os principais tratadistas do contrapunto e da harmonía a partir de Fux e Rameau. O contrapunto severo e o estilo harmónico escolástico: Valoración didáctica da presenza dos mesmos no ensino actual. Tratados, materiais, métodos de traballo (escritos e auditivos). Aspectos vocal e instrumental da realización.

Tema 5. Evolución da harmonía durante o Renacemento e o Barroco. A transición do sistema modal ao sistema tonal. Importancia da relación música-palabra e influencia das novas formas instrumentais. Sistematización da nova formulación.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Tema 6. O coral: historia e evolución. Elaboración contrapuntística do coral. Harmonización do coral, ao estilo de J. S. Bach: modulacións, notas estranas, etc. O preludio coral para órgano.

Tema 7. Os diferentes procedementos de realización contrapuntística e a súa aplicación: contrapunto invertible, imitación rigorosa e libre, canon, fuxido, trocado, etc. Realización a un número de partes maior ou menor que as habituais. A obra de J. S. Bach, como punto de equilibrio entre os aspectos contrapuntístico e harmónico da composición polifónica. Valoración didáctica comparativa da metodoloxía xermánica (preferentemente vertical) fronte á francesa (predominantemente horizontal).

Tema 8. O baixo cifrado: historia, importancia e valor como medio pedagóxico. O cantus firmus e o baixo cifrado: A súa historia e evolución. O seu papel estrutural na composición musical. O seu valor como medio pedagóxico. A súa aplicación no ensino do Contrapunto e da Harmonía. Distintos sistemas de cifrado: interválico, funcional, etc.

Tema 9. Tonalidade: O acorde como fenómeno físico, harmónico e estético. Teoría tradicional sobre a formación dos acordes. Clasificación dos acordes. Estados, posicións e disposicións, rexistros. Acordes consonantes e disonantes. A súa utilización funcional. Ligazón dos acordes de tres ou máis sons en estado fundamental e nos seus investimentos. Duplicacións.

Tema 10. Tonalidade: Modulación. Procedementos e función nos distintos estilos ao longo da historia. Clasificación das modulacións segundo a súa importancia e función relativa. Procedementos modulantes. A secuencia ou progresión harmónica: tipoloxías.

Tema 11. Tonalidade: Verticalidad e horizontalidad. A interrelación de ambos aos aspectos e a súa evolución ao longo da historia. Nóta pedal: orixe, evolución, tipos e funcións estruturais. As cadencias. Tipos e o seu desenvolvemento histórico e a súa función na harmonía. Elementos de ornamentación melódica e intensificación expresiva ao longo da historia.

Tema 12. Tonalidade: O fraseo. A relación entre harmonía e ritmo como factor determinante das articulacións fraseolóxicas. O ritmo harmónico. O silencio como elemento expresivo e de articulación. A evolución da harmonía durante os períodos Preclásico e Clásico. Sistematización e desenvolvemento das formas clásicas así como as súas relacións coa harmonía.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Tema 13. Tonalidade: A evolución da harmonía durante o Romanticismo. Expansión da tonalidade e a súa importancia na evolución do sistema. Elementos e procedementos. Harmonía errante, tonalidade direccional, solucións cadenciais. Particularidades rítmicas e tímbricas deste período.

Tema 14. Consideracións estilísticas, harmónicas, contrapuntísticas e formais para a composición de obras instrumentais, vogais e vogais-instrumentais nos estilos barroco, clásico e romántico.

Tema 15. Tonalidade: Notas non pertencentes á harmonía: clasificación e valoración horizontal e vertical das mesmas. Elisión, escapada, notas engadidas, notas substitutivas e outras. Influencia destas na evolución dos acordes. A harmonía alterada nas distintas épocas. Funcións e resolucións dos acordes. Preparación e resolución dos intervalos disonantes.

Tema 16. Tonalidade: Harmonía cromatizada e harmonía alterada. A súa orixe e evolución. Acordes característicos. Funcións e resolucións dos mesmos. A expresión harmónica desde finais do século XIX aos primeiros anos do século XX. Procedementos técnicos característicos deste período: impresionismo, escalas modais, movementos paralelos, tratamento das disonancias, novas formacións e disposicións de acordes e outros. O sistema tonal bimodal: funcións básicas e complementarias. Reminiscencias do modalismo no sistema tonal bimodal. Neomodalidade.

Tema 17. A linguaxe musical occidental durante a primeira metade do século XX: Evolución tonal. Tonalidade ampliada, centralidade, atonalidade. Sistematización das novas linguaxes. Procedementos técnicos característicos deste período: escalas sintéticas, tratamento libre das disonancias, utilización tímbrica e percusiva da harmonía, politonalidade e polimodalidade, poliacordes, sistemas específicos.

Tema 18. Novas concepcións contrapuntísticas. Estratificación: contrapunto de masas sonoras. Micro canons. Fractalidade. Heterofonía. Contrapunto severo atonal.

Tema 19. Consideracións estilísticas, harmónicas, contrapuntísticas e formais para a composición de obras instrumentais, vogais e vogais-instrumentais de acordo coas tendencias propias da primeirametade do século XX.

Tema 20. A linguaxe musical occidental durante a segunda metade do século XX: últimas tendencias. Novas concepcións harmónicas, contrapuntísticas, rítmicas, tímbricas e outras. Criterios e concepcións para a organización do material musical.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Tema 21. Consideracións estilísticas, harmónicas, contrapuntísticas e formais para a composición de obras instrumentais, vocais e vogais-instrumentais de acordo coas tendencias propias da segunda metade do século XX e XXI.

Tema 22. O timbre. A súa evolución e a súa influencia nos estilos a través da historia. Fenómenos tímbricos. Concepto de homoxeneidade e heteroxeneidade. A súa influencia na orquestración. Grupos instrumentais homoxéneos, heteroxéneos e mixtos.

Tema 23. A textura musical. Características da escritura propia dos distintos períodos históricos ata o século XXI.

Tema 24. O ritmo. Definición. Ritmo e compás. Acentos. Contratempo, síncopa. Parametría. Rítmica contemporánea. Escalas de valores. Valores irregulares, valores irracionais, aumentación e diminución, investimento. Outras innovacións. Modulación rítmica. Ritmos compostos. Ritmo libre. Polirritmias e multirritmias.

Tema 25. O texto a través dos estilos. Características e tratamento ata o século XXI. A realización vogal e vogal-instrumental.

Tema 26. Pensamento obxectivo e composición musical. Pensamento subxectivo e composición musical. Relación entre ambos. A creatividade e o seu desenvolvemento. A creatividade aplicada a todos os aspectos do desenvolvemento instrumental: técnica, capacidade expresiva ou comunicativa, comprensión musical e personalidade artística.

Tema 27. A memoria. O seu desenvolvemento como base para a formación do oído interno. A memoria como elemento imprescindible nos diferentes aspectos que conforman os estudos. Tipos de memoria. Factores no uso da memoria. Técnicas de memorización.

Tema 28. A instrumentación e a orquestración. A súa aplicación na composición. Metodoloxía do seu ensino. Recursos pedagóxicos e didácticos.

Tema 29. A acústica e as súas relacións coa instrumentación. Fenómenos acústicos e a súa relación coa acústica arquitectónica. Características acústicas dos instrumentos musicais (corda, madeira, metal, percusión). A súa natureza.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Tema 30. Técnicas de execución dos instrumentos orquestrais e non orquestrais. Técnicas extendidas: Novos sons, novos usos. Modificación das resultantes sonoras dos instrumentos a partir de técnicas alternativas e especiais. Novos recursos e modos de execución. Resultante sonora múltiple (multifónicos), características e posibilidades de execución. Cambios tímbricos.

Tema 31. A síntese instrumental do timbre. Recursos e estratexias de instrumentación: transformacións tímbricas. Derivación tímbrica. Deseño tímbrico, melodía de timbres, fragmentación tímbrica. Modulación tímbrica. Concepto de continuidade e descontinuidade tímbrica na orquestración. O espectro e os timbres complexos. Modificación da envolvente dinámica e outras variables. Transformación do espectro. Enmascaramientos.

Tema 32. Técnicas complexas na orquestración. A Orquestra moderna. A Orquestra considerada como un instrumento en oposición á orquestra considerada como pequenos grupos de cámara. O seu tratamento. O aspecto espacial. O timbre. Fenómenos tímbricos relacionados coa orquestración.

Tema 33. A orquestra. Problemática acústica. A serie de harmónicos e os sons diferenciais. Ancho de banda crítico. Balance. Texturas, Sons reais e reforzos. As duplicacións. Limitacións da orquestración en relación cos parámetros do son.

Tema 34. Evolución histórica da orquestración. Técnicas específicas no barroco, clasicismo e romanticismo.

Tema 35. Evolución histórica da orquestración. Técnicas específicas no posromanticismo, no impresionismo, na atonalidade, no espectralismo e noutros.

Tema 36. A análise. A súa importancia dentro das distintas especialidades dos estudos superiores. Valoración didáctica dos principais métodos e criterios analíticos. Importancia da interrelación dos mesmos para avanzar nunha máis plena comprensión da obra musical. Relación da obra co contexto histórico, biográfico e estético do autor. Aplicacións da análise.

Tema 37. Os diferentes criterios analíticos (harmónico, formal, estrutural, etc.) aplicables aos diversos elementos da linguaxe musical (forma, melodía, harmonía, ritmo, transformación temática, verticalidade e horizontalidade, procesos de tensión e relaxación, proporcións, polaridades, criterios de continuidade, coherencia e contraste e outros).

Tema 38. A análise na especialidade de composición. A súa aplicación. Metodoloxía do seu ensino. Plan de actuación na especialidade de composición. Recursos pedagóxicos e didácticos.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Tema 39. O traballo autónomo do alumno no nivel superior e estratexias de capacitación para atopar solucións propias das dificultades que expón unha obra ou texto musical. Proposición dunha metodoloxía. Recursos pedagóxicos e didácticos.

Tema 40. Interdisciplinabilidade nos estudos superiores de música. A relación que conforman entre si as diferentes materias do currículo. O desenvolvemento de competencias xerais, específicas e transversais, e a súa aplicación na didáctica da composición.

Tema 41. A bibliografía como ferramenta pedagóxica no ensino da composición. Relación e xustificación da bibliografía específica recomendada. Relación e xustificación da bibliografía complementaria.

Tema 42. O Proceso de Bolonia e o Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Características do EEES: estudos superiores e de posgrao; o Crédito Europeo de Transferencia e Acumulación (European Credit Transfer and Accumulation System, ECTS), o Suplemento ao Título e o Aseguramento da Calidade. Características pedagóxicas: a formación baseada en competencias, a aprendizaxe autónoma e ao longo da vida. A adaptación e desenvolvemento dos Ensinos Artísticos Superiores no EEES. Normas de aplicación.

Tema 43. O Proxecto Educativo de Centro e a programación didáctica nos Ensinos Artísticos Superiores. A Guía docente: elaboración, datos descritivos, finalidade, obxectivos e competencias, contidos, metodoloxía e recursos didácticos. Planificación, avaliación, orientación, e outros elementos relevantes.

Tema 44. Metodoloxías e técnicas de investigación en música. Elección e xustificación das principais fontes primarias de investigación para o desenvolvemento dun criterio autónomo e artístico. Avaliación e outras informacións de interese. O traballo de investigación musical: características, estrutura e criterios de redacción. Comparativa entre creación e investigación.

Tema 45. A música como patrimonio histórico-artístico cultural. A relación da música coas correntes estéticas e coas demais artes. Responsabilidade do docente na súa valoración, preservación e transmisión ás actuais e ás futuras xeracións.

SEGUNDO: Publicar anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

TERCEIRO: Recursos procedentes:

Contra a presente Resolución que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse o **RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN** ante esta Concellería delegada, e no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 123. da devandita Lei 39/2015, entendendose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da lei 39/2015, podendo os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.

Tui a data da sinatura dixital a marxe.

O Concelleiro delegado de persoal, José Ramón Magán Rivera